



EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS

Praza de Galicia, n.º 1, 15300 Betanzos, A Coruña
Teléfono: 981 770 011

web: www.betanzos.gal

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal/sxc/gl/>

endereço electrónico: correo@betanzos.gal

ANUNCIO

A Xunta de Goberno Local en sesión de 28 de novembro de 2024 aprobou a convocatoria e as bases reguladoras das axudas á rehabilitación do casco histórico de Betanzos, a súa zona de protección -barrio da Ribeira- e os barrios da nosa señora do camiño e da magdalena que a continuación se transcriben

ASUNTO: CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DAS AXUDAS Á REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS E VIVENDAS NO ÁMBITO DA ÁREA DE REHABILITACIÓN DO CASCO HISTÓRICO DE BETANZOS, A SÚA ZONA DE PROTECCIÓN—BARRIO DA RIBEIRA—E OS BARRIOS DA NOSA SEÑORA DO CAMIÑO E DA MAGDALENA

EXPEDIENTE: 2024/A002/000004

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Betanzos conta cunha área de rehabilitación declarada, concretamente a ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DO CASCO HISTÓRICO DE BETANZOS, A SÚA ZONA DE PROTECCIÓN—BARRIO DA RIBEIRA—E OS BARRIOS DA NOSA SEÑORA DO CAMIÑO E DA MAGDALENA, declarada o 24 de decembro de 2002. A declaración deste ámbito é unha peza básica para a recuperación e rexeneración do tecido residencial mediante a realización conxunta das obras de rehabilitación de edificios e vivendas e a reurbanización do espazo público.

A declaración dun ámbito como área de rehabilitación integral permite afrontar a rehabilitación con axudas públicas, téntase estimular a rehabilitación dos barrios históricos ou degradados, tanto na súa dimensión física como na súa necesaria revitalización social, económica e cultural. As axudas económicas previstas veñen a completar o labor xa iniciado en anos anteriores mediante actuacións na Área de Rehabilitación Integral. A experiencia adquirida neste ámbito serve de base para continuar nunha fase 12.^a a recuperación do tecido residencial no Conxunto Histórico e dos Barrios da Magdalena e da Nosa Señora, promover a cultura da rehabilitación e o mantemento dos oficios tradicionais.

Para o desenvolvemento do Acordo asinado o 29 de outubro de 2020 entre a Administración do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Betanzos no marco do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, polo que se regula o Plan estatal de vivenda 2018-2021 (*Boletín Oficial do Estado* núm. 61, do 10 de marzo de 2018), resulta necesario establecer unhas bases reguladoras das actuacións e das axudas que determinen un procedemento de distribución dos recursos con base aos principios de obxectividade, concorrencia e publicidade.

O 25 de febreiro de 2021 publicáronse no *Boletín Oficial da Provincia* a convocatoria e as bases reguladoras correspondentes a catro (4) actuacións de rehabilitación que resultaron adxudicadas e unha (1) de renovación que ficou finalmente deserta. Procede, polo tanto, **realizar unha nova convocatoria con bases actualizadas para adxudicar a dita actuación de renovación, é dicir a edificación dun novo edificio en substitución doutro previamente demolido.**

Seguindo as pautas da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Regulamento da Lei xeral de subvencións aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, para a xestión das axudas anunciadas dítanse as seguintes bases reguladoras e convocatoria que determinan un procedemento de distribución dos recursos que asegure os principios de obxectividade, concorrencia e publicidade e garanta a transparencia das actuacións administrativas, tendo como principios básicos os previstos no Real



EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS

Praza de Galicia, n.º 1, 15300 Betanzos, A Coruña
Teléfono: 981 770 011

web: www.betanzos.gal

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal/sxc/gl/>

endereço electrónico: correo@betanzos.gal

decreto 106/2018 do 9 de marzo, e na Resolución do 19 de xuño de 2020 pola que se regula o procedemento para participar no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan estatal del vivenda 2018-2021, se establecen as bases reguladoras das axudas previstas para este programa (*Diario Oficial de Galicia* núm. 128, do 30 de xuño de 2020), coa comunicación á Xunta de Galicia das persoas solicitantes finalistas das axudas.

Faise, polo tanto, necesaria, a aprobación dunhas bases reguladoras e convocatoria das axudas á rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Integral (en adiante ARI) declarada no Concello, acordes ao actual marco normativo, en función da competencia deste Concello en materia de conservación e rehabilitación da edificación, consonte ao artigo 25 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local.

Artigo 1. Obxecto

As presentes bases e a convocatoria teñen por obxecto regular a concesión das subvencións destinadas a **financiar gastos derivados dunha actuación de renovación** de edificios e vivendas situados na ARI declarada no Concello de Betanzos, con relación ao Acordo asinado entre a Administración do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Betanzos, no marco do Plan estatal de Vivenda 2018-2021.

Principalmente estas bases definen:

- As actuacións e obras que poden ser obxecto de axudas económicas, con cargo aos fondos públicos comprometidos no acordo.
- As persoas que poden ser beneficiarias das axudas económicas.
- As condicións xerais que deben cumprir as persoas beneficiarias e os inmobles.
- Os procedementos de xestión e tramitación.

Para todo o non previsto nas presentes bases será de aplicación o previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, Regulamento da Lei xeral de subvencións aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, Ordenanza municipal reguladora das axudas á rehabilitación de vivendas, publicada no *Boletín Oficial da Provincia* da Coruña núm. 260, do 12 de novembro de 2003 e a restante normativa de aplicación.

Artigo 2. Principios xerais e normativa de aplicación

A xestión das subvencións reguladas nestas bases realizarase de acordo cos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como de eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados e de eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, e rexerese polas seguintes normas:

1. Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
2. Lei 38/2003 xeral de subvencións e polo Real decreto 887/2006 de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións e as normas concordantes.
3. Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
4. Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
5. Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.
6. Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, polo que se regula o Plan estatal de vivenda 2018-



EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS

Praza de Galicia, n.º 1, 15300 Betanzos, A Coruña
Teléfono: 981 770 011

web: www.betanzos.gal

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal/sxc/gl/>

endereço electrónico: correo@betanzos.gal

- 2021 (*Boletín Oficial do Estado* núm. 61, do 10 de marzo de 2018).
- Lei 1/2019, do 22 abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia (*Diario Oficial de Galicia* núm. 83, do 2 de maio de 2019).
 - Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español.
 - Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
 - Resolución do 31 de xullo de 2018, da Secretaría Xeral de Vivenda, pola que se publica o Convenio coa Comunidade Autónoma de Galicia, para a execución do Plan estatal de vivenda 2018-2021 (*Boletín Oficial do Estado* núm. 198, do 16 de agosto de 2018).
 - Resolución do 19 de xuño de 2020 pola que se regula o procedemento para participar no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan estatal del vivenda 2018-2021, se establecen as bases reguladoras das axudas previstas para este programa e se abre o prazo de participación para a anualidade 2020 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 128, do 30 de xuño de 2020).
 - Ordenanza municipal reguladora das axudas á rehabilitación de vivendas, publicada no *Boletín Oficial da Provincia* da Coruña núm. 260, do 12 de novembro de 2003.

Artigo 3. Carácter das axudas

As axudas previstas nestas normas terán o carácter de subvención a fondo perdido e serán outorgadas polo procedemento de concorrencia competitiva con convocatoria aberta.

As subvencións concederanse no eido dos acordos das Comisións Bilaterais correspondentes, asinados entre o Concello de Betanzos, a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Ministerio de Vivenda e Axenda Urbana; cun investimento constituído polas achegas dos referidos: Ministerio, Consellería e dos/as promotores/as particulares, para a realización das actuacións cualificadas, ou dos acordos que no sucesivo se aproben.

As axudas serán concedidas tendo en conta os informes técnicos emitidos pola Oficina de Rehabilitación do Concello de Betanzos, e segundo o determinado pola Comisión de Valoración.

Artigo 4. Ámbito de actuación

O ámbito de actuación desta ordenanza é a Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Betanzos, a súa Zona de Protección—barrio da Ribeira—e os barrios da Nosa Señora do Camiño e da Magdalena, declarada Área de Rehabilitación por Acordo do conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda do 24 de outubro de 2002, sen prexuízo de que o devandito ámbito poida ser modificado ou ampliado logo da aprobación polo procedemento legalmente establecido.

No Anexo *Delimitación Zona ARI* inclúense a cartografía coa delimitación do ámbito territorial.

Artigo 5. Tipos de actuación subvencionables

De conformidade co artigo 51 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, a Resolución do 19 de xuño de 2020 e a dispoñibilidade na actual convocatoria de actuacións previstas no Acordo asinado o 29 de outubro de 2020, a actuación subvencionable é a seguinte:

- Unha (1) actuación das obras de demolición de edificios e de vivendas e as obras de construción de edificios de vivendas e vivendas de nova construción, en substitución doutros previamente demolidos, nos casos de infravivenda e chabolismo.



EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS

Praza de Galicia, n.º 1, 15300 Betanzos, A Coruña
Teléfono: 981 770 011

web: www.betanzos.gal

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal/sxc/gl/>

endereço electrónico: correo@betanzos.gal

Os novos edificios e vivendas deberán ter unha **calificación enerxética mínima B** e cumprir, en todo caso, coas exixencias do Código técnico da edificación.

Defínese:

- Infravivenda: edificación ou parte dela destinada a vivenda que non reúne as condicións mínimas exixidas pola lexislación aplicable. En todo caso, entenderase que non reúnen as ditas condicións as vivendas que incumpran os requisitos de superficie, número, dimensión e características das pezas habitables, as que presenten deficiencias graves nas súas dotacións e instalacións básicas e as que non cumpran os requisitos mínimos de seguridade, accesibilidade universal e habitabilidade exixibles á edificación.
- Chabola: habitáculo que, sen reunir as características e condicións de vivenda nin ser susceptible de se converter en tal, está a ser utilizado como morada humana.

Artigo 6. Conformidade co planeamento

As actuacións adoptarán os criterios e materiais de conformidade ao establecido no Plan Especial de Protección e Ordenación do Casco Histórico (PEPOCH) do ano 1992 e no Texto refundido das Normas subsidiarias de planeamento urbanístico do Concello de Betanzos, aprobadas definitivamente o 28 de novembro de 1996 (*Boletín Oficial da Provincia* núm. 19, do 24 de xaneiro de 1997, ou a normativa que as substitúa.

Os inmobles e os usos para os que se soliciten as axudas deberán ser conformes coas determinacións da normativa aplicable en cada momento.

Será imprescindible para actuar neles dispoñer de licenza municipal ou, no seu caso, someterse ao réxime de intervención municipal de comunicación previa, así como das restantes autorizacións e informes sectoriais preceptivos.

Poderán concederse axudas para edificios e elementos fóra de ordenación ou non plenamente compatibles co planeamento, segundo as actuacións permitidas pola normativa urbanística vixente en cada momento.

Artigo 7. Condicións dos inmobles

1. Para a subvención estatal as edificacións terán uso residencial vivenda.

A Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia define no seu artigo 4 o “uso residencial de vivenda” como o uso destinado a satisfacer, con carácter permanente, as necesidades de habitación das persoas mediante a utilización de vivendas. Por tanto, o uso turístico non é residencial.

O incumprimento desta condición ou o cambio de uso, determinará a obriga de devolver o importe das subvencións recibidas cos xuros correspondentes ao período transcorrido entre o libramento da subvención e a data de devolución.

2. Non se protexerán actuacións en edificios que carezan de seguridade estrutural e construtiva, de subministración eléctrica e/ou da axeitada funcionalidade da rede de saneamento e de rede de auga, agás que as obras inclúan as necesarias para a consecución das condicións sinaladas.

3. As actuacións en vivendas deberán atender prioritariamente á mellora das condicións de



EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS

Praza de Galicia, n.º 1, 15300 Betanzos, A Coruña
Teléfono: 981 770 011

web: www.betanzos.gal

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal/sxc/gl/>

endereço electrónico: correo@betanzos.gal

habitabilidade relativas a distribución interior, instalacións de auga, electricidade, ventilación, iluminación natural e aireación, illamento térmico, servizos hixiénicos e instalacións doutros servizos de carácter xeral, así como tamén as de accesibilidade, seguridade e eficiencia enerxética. Non se protexerán obras de moblaxe e acabados cuxa finalidade sexa puramente decorativa, como tampouco electrodomésticos. En todo caso, as vivendas deberán localizarse en edificios que reúnan as condicións sinaladas no punto anterior.

4. Os inmobles para os que se solicite financiamento deste programa estarán finalizados antes de 1996. Esta circunstancia poderase acreditar mediante escritura pública, nota simple rexistral ou consulta descritiva e gráfica dos datos catastrais.

Artigo 8. Beneficiarios/as

1. As persoas e as entidades beneficiarias das axudas deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 7.2 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo.

2. Para que as persoas físicas sexan beneficiarias deberán posuír a nacionalidade española ou ter a residencia legal en España, no caso das persoas estranxeiras.

3. No caso de que a persoa ou a entidade solicitante sexa unha comunidade, unha agrupación de comunidades de persoas propietarias ou unha agrupación de persoas propietarias, os requisitos sinalados nos puntos anteriores deberán cumprilos todos os seus membros.

4. Cando a execución da actuación lles corresponda a varias persoas beneficiarias, a axuda distribuirase en proporción ao custo asumido por cada unha delas. As persoas e/ou as entidades beneficiarias destinarán o importe íntegro da axuda ao pagamento das correspondentes actuacións. Cando se trate dunha comunidade, dunha agrupación de comunidades de persoas propietarias ou dunha agrupación de persoas propietarias, esta regra resultará igualmente de aplicación, con independencia de que tanto o importe da axuda como o custo das obras deban repercutirse nas persoas propietarias de vivendas e, de ser o caso, dos locais comerciais ou predios doutros usos compatibles, de conformidade coas regras previstas na lexislación de propiedade horizontal.

Non obstante, o disposto no parágrafo anterior, cando algún dos membros da comunidade ou da agrupación de comunidades de persoas propietarias ou da agrupación de persoas propietarias incorra nunha ou en varias das prohibicións establecidas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou do artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, non se atribuirá á dita persoa propietaria a parte proporcional que lle correspondería da axuda recibida, que se ratearía entre os restantes membros da comunidade ou agrupación de comunidades de persoas propietarias ou da agrupación de persoas propietarias.

5. Non poderán obter a condición de persoas ou entidades beneficiarias aquelas que estean incursas nalgunha das causas previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, ou aquelas ás cales se lles revogase algunha das axudas contidas neste ou en anteriores plans de vivenda por causas imputables á persoa ou entidade solicitante.

Artigo 9. Contía das axudas ou forma de determinala

1. As contías das axudas terá dous límites, por unha banda a porcentaxe do custo subvencionable



EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS

Praza de Galicia, n.º 1, 15300 Betanzos, A Coruña
Teléfono: 981 770 011

web: www.betanzos.gal

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal/sxc/gl/>

endereço electrónico: correo@betanzos.gal

da actuación (40% ou 75%, segundo o caso) e por outra un importe máximo por vivenda segundo o tipo de actuación, sendo a subvención a menor das cantidades.

2. A contía máxima das axudas estatais contidas no Plan estatal 2018-2021 non poderá exceder de forma individualizada, o 40% do custo subvencionable da actuación.

Esta porcentaxe máxima poderá ser do 75 %, se os ingresos da unidade de convivencia da persoa propietaria ou arrendataria, promotora da actuación e residente na vivenda ou edificio son inferiores a tres veces o IPREM.

3. O importe máximo da axuda concedida á actuación será de ata 30.000 euros por vivenda construída en substitución doutra previamente demolida ou construída, nos casos de infravivenda e chabolismo.

Artigo 10. Orzamento protexible

1. O custo de todas as actuacións subvencionables poderá incluír os honorarios das persoas profesionais que interveñan, o custo de redacción dos proxectos, direccións técnicas ou facultativas, os informes técnicos e certificados necesarios, os gastos derivados da tramitación administrativa e calquera outro gasto similar, derivados da actuación, sempre que estean debidamente xustificadas. Exclúiranse mobiliario e elementos decorativos, e enténdense como mobiliario os electrodomésticos. No custo total das obras non se incluírán os gastos derivados de impostos, taxas e tributos.

2. O custo subvencionable das obras, incluídos os gastos sinalados no número anterior, non poderán superar os custos medios do mercado que correspondan a tales actuacións. En caso de discrepancia serán de referencia os prezos publicados na última edición da Base de prezos da construción de Galicia ou normativa que a substitúa.

3. Tomarase como custo total das actuacións, a efectos do cálculo da axuda, a cantidade máis baixa das que figuren en:

- a) a solicitude presentada a esta convocatoria de axudas (incluída a documentación complementaria á solicitude),
- b) a solicitude de título habilitante de natureza urbanística
- c) ou os pagos efectuados e acreditados.

Artigo 11. Requisitos xerais das actuacións

1. As actuacións de rehabilitación poderán estar iniciadas con posterioridade á data de entrada en vigor do Plan estatal de vivenda 2018-2021 (entrada en vigor o 11 de marzo de 2018), sempre que non se finalizasen con carácter previo á solicitude destas axudas.

O prazo máximo de execución da actuación virá determinado na resolución de cualificación provisional das obras, salvo prórrogas formalmente concedidas. En todo caso, a actuación non poderá rebordar os prazos límite establecidos con carácter xeral para o Plan estatal de vivenda 2018-2021, conforme ao indicado na disposición adicional primeira destas bases.

2. As actuacións deberán axustarse ao proxecto ou memoria técnica e/ou valorada, elaborados para a súa execución.



EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS

Praza de Galicia, n.º 1, 15300 Betanzos, A Coruña
Teléfono: 981 770 011

web: www.betanzos.gal

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal/sxc/gl/>

endereço electrónico: correo@betanzos.gal

Artigo 12. Obrigas das persoas ou entidades beneficiarias

Ademais das recollidas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, e no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, as persoas ou entidades beneficiarias terán as seguintes obrigas:

- a) Realizar a totalidade das actuacións de rehabilitación ou renovación para as cales se concedeu a axuda, de conformidade coa resolución de cualificación provisional.
- b) Comunicarlle ao Concello calquera modificación das condicións que motivaron o recoñecemento da subvención que poida determinar a perda sobrevida do dereito á axuda.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación e inspección durante a vixencia da subvención, así como permitirles ao Concello e/ou ao IGVS realizar as inspeccións e comprobacións que se consideren oportunas para verificar a exactitude dos datos achegados e/ou o destino da subvención concedida.
- d) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas de Galicia no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións, ou polo Concello ou polo IGVS.
- e) Estar ao día nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento en que se aboan as subvencións.
- f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, mentres poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- g) Subministrarlle ao IGVS, logo do requirimento para os efectos oportunos, de conformidade co artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no título I da citada lei.
- h) As demais que deriven desta resolución e do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo.

Artigo 13. Compatibilidade e incompatibilidade das axudas

1. Sen prexuízo do establecido no punto seguinte, as subvencións deste programa son compatibles con calquera outra subvención ou axuda concedida para a mesma finalidade por calquera Administración ou ente público ou privado, sempre e cando a suma do importe de todas elas non supere o custo total da actuación concreta.

2. De conformidade co artigo 52 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, estas axudas serán incompatibles coas subvencións procedentes do Programa de mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas, do Programa de fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas, do Programa de fomento do parque de vivenda en alugamento e do Programa de fomento de vivendas para persoas maiores e persoas con discapacidade, do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo.

Artigo 14. Normas xerais do procedemento de concesión e modo de iniciación

1. A iniciación do procedemento realizarase mediante a aprobación das bases e convocatoria municipal que ten necesariamente o contido indicado no artigo 23.2 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

2. O procedemento de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva. Para os efectos da normativa de aplicación, terá a consideración de concorrencia competitiva o procedemento mediante o cal a concesión das subvencións realizarase mediante a



EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS

Praza de Galicia, n.º 1, 15300 Betanzos, A Coruña
Teléfono: 981 770 011

web: www.betanzos.gal

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal/sxc/gl/>

endereço electrónico: correo@betanzos.gal

comparación das solicitudes presentadas, co fin de establecer unha prelación entre estas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados na ordenanza municipal, nas bases reguladoras e na convocatoria, e adjudicar, co límite fixado nesta convocatoria dentro do crédito e número de actuacións dispoñibles, aquelas que teñan obtido maior valoración en aplicación dos citados criterios.

3. O órgano instrutor será á Oficina de Rehabilitación que realizará de oficio todas as actuacións estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos que deberá formularse a proposta de resolución, incluíndo unha inspección previa das obras. O órgano instrutor realizará un informe.

4. O órgano Colexiado que formula a proposta de concesión a partir do informe do órgano instrutor, será unha Comisión Avaliadora que estará integrada pola persoa responsable da Oficina de Rehabilitación, o arquitecto/a de urbanismo e o/a concelleiro/a delegado de Urbanismo. Os/as titulares poderán delegar noutra persoa ou persoas a condición de membro da Comisión Avaliadora.

O órgano instrutor elevará o informe xunto coa proposta de concesión do órgano Colexiado á Xunta de Goberno Local, que é o órgano competente para a aprobación provisional municipal que permita continuar o procedemento. A proposta de concesión (enumeración das persoas beneficiarias finalistas) será remitida a Área Provincial do IGVS para solicitar a cualificación provisional das actuacións.

5. A resolución previa dos expedientes corresponderá ao órgano municipal competente, tras a proposta formulada pola Comisión Avaliadora. A dita resolución recollerá a aprobación da proposta da Comisión Avaliadora a remitir á Área Provincial do IGVS, de acordo co disposto nos artigos sobre o procedemento de cualificación provisional e definitiva da Resolución do 19 de xuño de 2020 do Instituto Galego de Vivenda e Solo.

6. A persoa beneficiaria da subvención vén obrigada a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas de Galicia no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións, ou polo Concello ou polo IGVS.

7. A persoa beneficiaria da subvención ven obrigado a comunicarlle ao Concello de Betanzos calquera modificación das condicións que motivaron o recoñecemento da subvención que poida determinar a perda sobrevida do dereito á axuda.

8. O prazo para acordar a aprobación inicial da/s axuda/s será de seis meses. Transcorrido o citado prazo sen que se notifique a resolución que poña fin ao expediente, o/a interesado/a poderá entender desestimada a petición para os pertinentes efectos.

9. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder os nove meses, salvo que unha norma con rango de lei estableza un prazo máximo ou así veña previsto na normativa da Unión Europea. O prazo computarase a partir da publicación da correspondente convocatoria, salvo que a mesma pospoña os seus efectos a unha data posterior. No suposto de subvencións tramitadas por outras administracións públicas nas que corresponda a resolución á Administración da Xunta de Galicia ou ás entidades de dereito público vinculadas ou dependentes desta, este prazo computarase a partir do momento en que o órgano outorgante dispoña da proposta ou da documentación que a norma reguladora da subvención determine.



EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS

Praza de Galicia, n.º 1, 15300 Betanzos, A Coruña
Teléfono: 981 770 011

web: www.betanzos.gal

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal/sxc/gl/>

endereço electrónico: correo@betanzos.gal

10. O vencemento do prazo máximo sen que sexa notificada a resolución lexítima ás persoas interesadas para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

As persoas solicitantes que tivesen presentado toda a documentación en prazo e cumpran cos requisitos, pero non fosen propostos para cualificación provisional formarán parte dunha lista de espera para eventuais desistimentos ou renuncias na presente convocatoria.

Artigo 15. Solicitudes de subvención

1. A solicitude realizarase mediante a presentación do modelo oficial, que está dispoñible na sede electrónica do Concello de Betanzos (<https://sede.betanzos.gal>), na páxina web do Concello de Betanzos (<https://betanzos.gal>) e nas dependencias da Oficina de Rehabilitación.

2. As persoas ou entidades obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos, así como quen as represente deberán presentar a súa solicitude electronicamente, de acordo co establecido no artigo 14.2.b) e d) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. No caso de que presentasen as súas solicitudes presencialmente, requiriráselle para que as emenden a través da súa presentación electrónica. Nestes casos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

3. As persoas físicas deberán presentar a súa solicitude preferiblemente por vía electrónica. Tamén poderán presentala en formato papel, por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

4. No modelo de solicitude a persoa ou entidade solicitante realizará as correspondentes declaracións:

- a) Declaración responsable de non estar inhabilitado para obter subvencións públicas.
- b) Declaración responsable de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, incluíndo as municipais, e fronte á Seguridade Social.
- c) Declaración xurada de todas as subvencións solicitadas e/ou concedidas para as actuacións subvencionables por esta convocatoria.

5. A presentación da solicitude de subvención supón a aceptación das bases e obrigas establecidas na presente norma, así como a autorización para acadar os datos en poder das administracións públicas que sexan necesarios para a tramitación da solicitude (certificación expedida polo Tesoureiro municipal que acredite que se encontran ao día nas súas obrigas fiscais do Concello).

6. Deberase acreditar que os solicitantes non teñen débedas de carácter tributario coas administracións públicas (Facenda da Xunta de Galicia, Axencia Tributaria e Tesouraría Xeral da Seguridade Social) antes da proposta de resolución. De non ter autorizado ó concello de Betanzos para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Concellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, deberanse achegar as ditas certificacións de todas as persoas propietarias das vivendas.



EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS

Praza de Galicia, n.º 1, 15300 Betanzos, A Coruña
Teléfono: 981 770 011

web: www.betanzos.gal

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal/sxc/gl/>

endereço electrónico: correo@betanzos.gal

Artigo 16. Documentación necesaria para a tramitación do procedemento

A solicitude acompañarase da seguinte documentación:

1. Se o solicitante é unha persoa física:

- NIF ou NIE da/do solicitante e de todas as persoas propietarias, e de ser o caso, da persoa representante formalmente nomeada.
- Documento acreditativo da titularidade da/s vivenda/s e locais por parte da/do(s) solicitante(s), certificación do Rexistro da Propiedade, escritura pública de obra nova, escritura pública de compravenda, escritura pública de aceptación ou partición da herdanza, escritura pública de doazón e aceptación, ou sentenza xudicial, segundo corresponda.
- Copia do título de división horizontal, de ser o caso.
- Escrito no que conste a conformidade de todas as persoas copropietarias coa realización das obras e solicitude de subvención.
- No caso de existir máis dunha persoa propietaria, autorización delas a unha persoa propietaria para a xestión, tramitación e cobro da subvención. (Anexo VII).

2. Se o/a solicitante é unha persoa xurídica:

- Copia do CIF da persoa xurídica.
- Copia da escritura de constitución da entidade e da súa inscrición no Rexistro Mercantil, no seu caso.
- Documento acreditativo da representación que o solicitante ostenta da entidade.
- NIF do representante.
- Documento acreditativo da titularidade da/s vivenda/s e locais por parte da/do(s) solicitante(s).
- Copia do título de división horizontal, de ser o caso

3. En edificios nos que o/a solicitante sexa unha comunidade de persoas propietarias ou agrupación de comunidades de propietarios/as, presentarse ademais:

- Copia do NIF da comunidade de persoas propietarias.
- Documento acreditativo da representación con que se actúa.
- Copia do título de división horizontal.
- Copia do NIF ou NIE de todas as persoas propietarias do inmovible e das vivendas que cumpren cos requisitos.
- Documento acreditativo da titularidade do inmovible e das vivendas que cumpren cos requisitos.
- Cando se trate de actuacións nos elementos comúns dos edificios en réxime de propiedade horizontal deberá achegarse certificación do/a secretario/a da comunidade de propietarios da acta da reunión na que se designou ao seu presidente/a e da acta na que se recolla o acordo de realización das obras e de estar de acordo con solicitar as axudas.

Se non existise comunidade de persoas propietarias legalmente constituída, deberá achegarse un escrito no que conste a conformidade de todos os propietarios coa realización das obras e coa solicitude das axudas.



EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS

Praza de Galicia, n.º 1, 15300 Betanzos, A Coruña
Teléfono: 981 770 011

web: www.betanzos.gal

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal/sxc/gl/>

endereço electrónico: correo@betanzos.gal

4. En actuacións de rehabilitación de edificio xunto co Anexo II-Edificio deberá achegarse:
 - Relación de vivendas e locais do edificio (Anexo III-Edificio II), no que farán constar a súa referencia catastral e se participan ou non nas obras, e de participar, reflectir a cota de participación.
 - Relación de persoas propietarias das vivendas (Anexo III-Edificio I) que inclúa só aquelas vivendas para as que se solicitan axudas á rehabilitación e que cumpren os requisitos de destino domicilio habitual ou permanente ou alugamento.
 - Copia do NIF ou NIE de todas as persoas propietarias e documento acreditativo da titularidade de cada local e vivenda do edificio que cumpren os requisitos de destino vivenda habitual ou permanente ou alugamento.
5. En todos os casos, Anexo V Actuacións Subvencionables, coa desagregación das actuacións subvencionables e o seu orzamento, conforme aos artigos 5 e 10.
6. Se o/a solicitante é o/a arrendatario/a dunha vivenda, achegará o contrato de arrendamento e o acordo asinado coa persoa propietaria do inmovible onde conste a autorización para executar as obras e coa persoa arrendataria asume o custo destas. No caso de que o/a solicitante sexa á persoa arrendadora, só debe achegar o contrato de arrendamento.
7. Autorización para a comprobación da documentación acreditativa dos ingresos dos/as propietario/s e da/s unidades de convivencia ou familiar no caso en que se poida optar a unha maior contía de subvención (incremento da porcentaxe ate o 75% por ter ingresos a unidade de convivencia da persoa propietaria ou arrendataria, promotor da actuación e residente na vivenda ou edificio inferiores a 3 veces o Indicador Público da Renda de Efectos Múltiples (IPREM) ou para obter unha maior puntuación na baremación acorde a ordenanza municipal.

No caso de non achegar a autorización e estar interesado/a en optar ao incremento da porcentaxe da contía ou na puntuación, deberá achegar:

- Fotocopia da declaración conxunta ou das declaracións individuais de todos os membros da unidade familiar do imposto sobre a renda das persoas físicas, referida ao período impositivo inmediatamente anterior ao momento da solicitude das axudas, unha vez vencido o prazo para presentar a declaración do tipo de imposto.
- Se non se fixo declaración do IRPF, deberá presentar un certificado da Axencia en que se exprese tal circunstancia e unha fotocopia do libro de familia. Nos casos en que non se poida presentar este certificado de ingresos deberase presentar o certificado de retencións practicadas pola empresa, xunto coa vida laboral ou unha certificación da contía de pensión emitida polo organismo correspondente, cando se trate de xubilados ou pensionistas.
- Cando non se poidan acreditar os ingresos mediante algún dos documentos referidos nos apartados anteriores, deberá presentarse unha declaración responsable coa contía dos ingresos percibidos e da súa procedencia. A Oficina de Rehabilitación solicitará a achega da proba documental que estime precisa en cada caso para acreditar a veracidade de tal declaración.
- O Concello comprobará de oficio o empadramento da unidade de convivencia ou autorización ao ente xestor, o Concello de Betanzos, darase autorización para solicitalo.

Para o cálculo partírase das contías da base imponible xeral e do aforro reguladas nos artigos 48 e 49, respectivamente da Lei 35/2006, de 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas



EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS

Praza de Galicia, n.º 1, 15300 Betanzos, A Coruña
Teléfono: 981 770 011

web: www.betanzos.gal

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal/sxc/gl/>

endereço electrónico: correo@betanzos.gal

físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de no residentes e sobre o patrimonio.

8. Proxecto ou memoria técnica no que se describan as obras a executar e a súa valoración, coa desagregación das partidas, segundo o disposto no artigo 5. O proxecto ou memoria deberá indicar, así mesmo, os datos fundamentais do edificio: situación, número de vivendas e locais, superficie construída sobre rasante, superficie sobre rasante con uso residencial e unha reportaxe fotográfica das obras que se van realizar. Deberase incluír un certificado de eficiencia enerxética de proxecto asinado por un técnico competente que acade o requisito de cualificación enerxética mínima B.

9. Orzamento das obras detallado por unidades de obras e agrupado por capítulos con medicións e prezo.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público para o contrato menor (40.000 euros en obras e/ou 15.000 euros en servizos e subministracións), a persoa beneficiaria deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores/as, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren, ou agás que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude de subvención. Deberá xustificarse a elección cando non recaia na proposta económica mais vantaxosa.

O orzamento seleccionado deberá ir firmado polo promotor e o construtor.

10. Copia da licenza, comunicación previa e/ou autorizacións para a execución das obras ou solicitude destas.

11. Calquera outra documentación necesaria para a acreditación do cumprimento dos requisitos previstos no Real decreto 106/2018, do 9 de marzo.

Se a devandita documentación xa estivese en poder do Concello, haberá de facelo constar con indicación da data, número de expediente e dependencia ou órgano ante o que se presentaron, sempre que non transcorreran máis de cinco anos desde a finalización do procedemento ao que correspondan. Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirille á persoa solicitante ou ao representante a súa presentación, ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

Artigo 17. Prazo de presentación das solicitudes

O prazo para presentar as solicitudes será de **2 meses** contados partir do día seguinte ao da publicación do extracto destas bases no *Boletín Oficial de Provincia*.

Artigo 18. Procedemento de cualificación provisional das actuacións

1. O Concello de Betanzos, no marco dos seus procedementos de convocatorias de axudas, revisará as solicitudes e a documentación presentada. Daqueles expedientes que cumpran os requisitos remitirá unha proposta de cualificación provisional á Área Provincial do IGVS, que conterà a identificación da persoa ou entidade solicitante, o tipo de actuación, o orzamento



EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS

Praza de Galicia, n.º 1, 15300 Betanzos, A Coruña
Teléfono: 981 770 011

web: www.betanzos.gal

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal/sxc/gl/>

endereço electrónico: correo@betanzos.gal

protexido e o prazo de execución das actuacións. A esta proposta deberá xuntarse unha certificación municipal do cumprimento dos requisitos esixidos polo Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, referida ás actuacións, aos edificios, ás vivendas, así como ás persoas ou entidades beneficiarias.

2. A persoa titular da correspondente xefatura territorial do IGVS ditará unha resolución sobre a cualificación provisional das actuacións, que conterá a identificación da persoa ou entidade solicitante e describirá o tipo de actuación, o número de vivendas e locais que comprenda a actuación, o seu orzamento protexido, o prazo de execución e de comunicación do remate das obras. A obtención da cualificación provisional non xera para a súa persoa ou entidade titular o dereito á concesión da subvención nin comporta a súa consideración de persoa ou entidade beneficiaria da axuda.

3. Serán causas de denegación da cualificación provisional, ademais das que poida sinalar o Concello, as seguintes:

- a) Que a actuación prevista non se encontre entre as actuacións de rehabilitación recollidas neste programa.
- b) Que a actuación non se axuste ás determinacións do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, ou ao acordo específico asinado co Ministerio de Vivenda e Axenda Urbana.
- c) A falta de cobertura orzamentaria no momento da resolución de cualificación provisional.

4. O prazo para ditar e notificar a resolución sobre a cualificación provisional será de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da entrada na correspondente área provincial do IGVS da proposta municipal de cualificación provisional. Finalizado o citado prazo sen que se dite e notifique a resolución, a persoa interesada poderá entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

5. Contra a resolución que sobre a cualificación provisional diten as xefaturas territoriais do IGVS poderase interpor un recurso de alzada ante a persoa titular da Presidencia do IGVS no prazo dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación.

Artigo 19. Modificación e variación

1. Toda alteración das condicións consideradas para a concesión dunha subvención e en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras Administracións ou entidades públicas ou privadas para a mesma actividade, poderá dar lugar á modificación da concesión ou, no seu caso, á anulación desta.

2. As persoas beneficiarias queda obrigadas a comunicar calquera eventualidade que altere ou dificulte o desenvolvemento da actividade subvencionada, co fin de que, se se estima da suficiente importancia, poida procederse á modificación tanto do contido e contía do programa subvencionado, como da súa forma e prazos de execución e xustificación dos correspondentes gastos. Estas solicitudes de modificación deberán estar suficientemente motivadas e formularse con carácter inmediato á aparición das circunstancias que a xustifiquen e, en todo caso, con anterioridade ao momento en que finalice o prazo de execución da actividade subvencionada.

Artigo 20. Contratación das obras

Os/as solicitantes poderán contratar as obras coas empresas de construción que posúan o



EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS

Praza de Galicia, n.º 1, 15300 Betanzos, A Coruña
Teléfono: 981 770 011

web: www.betanzos.gal

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal/sxc/gl/>

endereço electrónico: correo@betanzos.gal

correspondente documento de cualificación empresarial e cos profesionais competentes que consideren máis oportuno, conforme ao sinalado no artigo 16.

Deberá constar na Oficina de Rehabilitación o orzamento de execución definitivo, asinado polas partes.

Artigo 21. Inicio das obras

O/a solicitante promotor das obras comunicarlle con antelación á Oficina de Rehabilitación a data do comezo das obras no caso que estas non tivesen comezado no momento da convocatoria das axudas.

Artigo 22. Execución das obras

1. As obras deberán executarse no prazo máximo establecido no acordo de cualificación provisional das axudas, salvo prórrogas formalmente concedidas. En todo caso a actuación non poderá rebordar os prazos límite establecidos con carácter xeral para o Plan estatal de vivenda 2018-2021, conforme ao indicado na disposición adicional primeira destas bases.

2. As obras deberán axustarse ás prescricións contidas no proxecto técnico ou documentación que serviu de base para a concesión inicial das axudas e para a obtención da preceptiva licenza municipal ou para o sometemento ao réxime de intervención municipal de comunicación previa, non admitíndose máis modificacións na súa execución que as autorizadas pola Oficina de Rehabilitación e que, en todo caso, deberán estar amparadas pola correspondente licenza ou, de ser o caso, someterse ao réxime de intervención municipal de comunicación previa, así como dispoñer de todas as autorizacións sectoriais preceptivas.

3. A Oficina de Rehabilitación prestará o seu asesoramento técnico na execución das obras e poderá, en todo o caso, supervisar de oficio as obras sempre que o considere oportuno, co obxecto de comprobar o cumprimento das condicións ás que estean sometidas en virtude das axudas concedidas.

Artigo 23. Remate das obras e xustificación do gasto

1. As persoas e entidades promotoras das actuacións, dentro do prazo fixado na resolución de cualificación provisional e conforme a estas bases, salvo prórrogas formalmente concedidas, comunicaranlle o seu remate á Oficina de Rehabilitación (Anexo VI), que deberá realizar as seguintes comprobacións:

- a) Que as actuacións foron executadas dentro dos prazos e coas exixencias establecidas na resolución de cualificación provisional e nestas bases.
- b) Que para a súa execución se contou con todas as autorizacións necesarias.
- c) Que os pagamentos efectivos das facturas e os documentos bancarios de pagamento das ditas actuacións foron realizados polas persoas ou polas entidades beneficiarias que figuraban na resolución de cualificación provisional.

2. Logo de realizar as comprobacións sinaladas no punto anterior, o Concello elaborará unha proposta de cualificación definitiva, que conterá a identificación da persoa ou da entidade beneficiaria, o tipo de actuación, o orzamento xustificado e a proposta de subvención final que se deberá aboar. Con esta proposta de cualificación definitiva, que remitirá á correspondente área provincial do IGVS, deberase xuntar unha certificación do cumprimento dos requisitos



EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS

Praza de Galicia, n.º 1, 15300 Betanzos, A Coruña
Teléfono: 981 770 011

web: www.betanzos.gal

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal/sxc/gl/>

endereço electrónico: correo@betanzos.gal

establecidos no Real Decreto 106/2018, do 9 de marzo, nesta resolución e na correspondente resolución de cualificación provisional, relativos tanto á actuación como á persoa ou entidade beneficiaria.

3. Como trámite previo antes da obtención da cualificación definitiva para a actuación, o/a solicitante deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello de Betanzos a documentación que a continuación se relaciona, en orixinal ou copia compulsada:

a) Comunicación final das obras

Declaración expresa por parte da persoa beneficiaria de que o proxecto foi executado conforme o indicado na solicitude ou polo/a técnico/a director/a das obras (en caso de obras maiores) a través da certificación final das obras.

De existir modificacións no proxecto, achegarase un informe técnico ou documento cos datos e incidencias máis significativas ocorridas durante a execución. Neste caso, previo ao momento da realización de modificacións sobre o contido no proxecto, deberanse comunicar á Oficina de Rehabilitación os cambios desexados e dispor dos títulos habilitantes necesarios.

b) Facturas orixinais pola totalidade das obras realizadas subvencionables e xustificantes de pagamento

O/a solicitante achegará a seguinte documentación xustificativa do gasto:

1. Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade (actuación), con identificación da persoa acreedora e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pagamento, indicando, se é o caso, as desviacións acaecidas sobre o orzamento subvencionado.
2. As facturas, ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior, emitidas polos/as provedores/as con relación á actuación subvencionada.
3. As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos no Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, aprobado polo Real decreto 1619/2012 de 30 de novembro.
4. Para cada un dos documentos xustificativos de gasto: transferencias bancarias, certificacións bancarias ou extractos bancarios, nos cales deberán estar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento.
5. Non se admitirán como xustificantes os documentos acreditativos de pagamentos en metálico nin os obtidos a través da internet se non están validados pola entidade bancaria ou non dispoñen de códigos para a súa verificación por terceiras persoas na sede electrónica da dita entidade.

c) Certificación de fin de obra expedida polo/a técnico/a responsable, no caso de que fose preceptivo.

d) Certificado de eficiencia enerxética do edificio terminado debidamente inscrito no Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia no que se acade unha cualificación enerxética mínima B. Acompañarase da etiqueta acreditativa do rexistro.

e) Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas para as mesmas actuacións subvencionadas, no seu caso, tanto as aprobadas ou concedidas, como as pendentes de



EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS

Praza de Galicia, n.º 1, 15300 Betanzos, A Coruña
Teléfono: 981 770 011

web: www.betanzos.gal

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal/sxc/gl/>

endereço electrónico: correo@betanzos.gal

resolución, das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

Os órganos competentes do Concello de Betanzos poderán solicitar as aclaracións ou informes relativos á xustificación do investimento que consideren convenientes. No caso de que non fosen remitidos polo/a beneficiario/a dentro do prazo que se sinale, poderá entenderse que renuncia á subvención.

Ademais presentárase:

- f) Certificación bancaria do número de conta ao seu nome.
- g) Autorización para a comprobación de estar ao corrente das obrigas fiscais co Concello de Betanzos, de non ter débedas coa Seguridade Social e de estar ao corrente nas obrigas tributarias coa Administración do Estado e coa facenda autonómica.
- h) Fotografías en cor da fachada do edificio e das zonas que se rehabilitaron (poderán ser realizadas pola Oficina de Rehabilitación).

O persoal técnico da Oficina de Rehabilitación da área, unha vez vista a documentación, emitirá un informe con respecto á correcta execución das obras, e procederá á comprobación das correspondentes facturas e documentos bancarios polo importe total delas, segundo o orzamento protexible. No suposto de informe desfavorable abrírase un trámite de audiencia a favor da persoa interesada por un prazo non inferior a dez (10) días nin superior a quince (15) días, segundo a Lei 39/2015 do procedemento administrativo común, para que esta compareza no expediente e alegue todo o que proceda no seu dereito. Transcorrido o devandito prazo procederase á resolución definitiva que corresponda tras o informe do/a técnico/a municipal competente na materia.

Artigo 24. Aprobación e cualificación definitiva. Pago das axudas

1. As xefaturas territoriais do IGVS, con base na documentación remitida polo correspondente Concello e logo das comprobacións, de ser o caso, que consideren oportunas, resolverán sobre a cualificación definitiva. Na resolución pola que se concede a cualificación definitiva constará o tipo de actuación realizada, o número de vivendas e locais que comprenda a actuación e o importe do orzamento protexible. A obtención da cualificación definitiva non xera para a súa persoa ou entidade titular o dereito á concesión da subvención nin comporta a súa consideración de persoa ou entidade beneficiaria da axuda.

2. Serán causas de denegación da cualificación definitiva as indicadas no artigo 25.

3. O prazo para ditar e notificar a resolución sobre a cualificación definitiva será de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da entrada na correspondente área provincial do IGVS da proposta municipal de cualificación definitiva. Finalizado o citado prazo sen que se dite e notifique a resolución, a persoa interesada poderá entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

4. Contra a resolución da cualificación definitiva que diten as xefaturas territoriais do IGVS poderase interpor un recurso de alzada ante a persoa titular da Presidencia do IGVS, no prazo dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación.



EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS

Praza de Galicia, n.º 1, 15300 Betanzos, A Coruña
Teléfono: 981 770 011

web: www.betanzos.gal

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal/sxc/gl/>

endereço electrónico: correo@betanzos.gal

5. A cualificación definitiva supón a xustificación da execución de todas as actuacións cualificadas.

6. A certificación municipal que se xunta coa proposta de cualificación definitiva constituirá a memoria económica xustificativa do custo da actividade esixida no artigo 48.2 do regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

7. Unha vez notificada aos concellos a resolución de cualificación definitiva, estes deberán aboarlles as subvencións estatais e autonómicas ás persoas e ás entidades beneficiarias. Así mesmo, deberán xustificar estes pagamentos mediante unha certificación municipal onde conste o número de expediente, o nome da persoa promotora da actuación, o seu NIF, o importe da subvención e a data de pagamento. Estas xustificacións deberán dirixirse ás correspondentes áreas provinciais do IGVS no prazo dun (1) mes, contado a partir do día seguinte a aquel en que se realizasen os oportunos pagamentos.

8. Logo de examinar os datos remitidos por cada Concello, a correspondente área provincial do IGVS emitirá unha certificación da aplicación dos fondos previstos en cada un dos acordos específicos, que remitirá xunto coa resolución de cualificación definitiva á Dirección Xeral do IGVS.

9. Os concellos minorarán o importe da subvención concedida cando o orzamento xustificando teña unha contía inferior ao orzamento que serviu de base para a resolución de concesión, e sempre e cando se acredite que a actuación concreta está totalmente executada.

10. O Concello pagará as axudas tras o ingreso ao Concello das axudas que obtivesen a cualificación definitiva do Instituto Galego de Vivenda e Solo.

Artigo 25. Causas de denegación e perda das axudas

Serán causas de denegación da cualificación definitiva, ademais das que poida sinalar o Concello, as seguintes:

- a) Non executar as obras de conformidade co previsto na resolución de cualificación provisional, executalas parcialmente ou executar obras distintas das previstas na citada resolución de cualificación provisional.
- b) Non executar as obras de conformidade coa licenza de obras ou non cumprir as condicións recollidas nela, ou coa comunicación previa no caso de que a actuación non estivese sometida a licenza.
- c) Incumprir o prazo de execución previsto na resolución de cualificación provisional, ou nas prórrogas que formalmente se concedan, e nestas bases.
- d) Incumprir calquera dos requisitos previstos no Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, nesta resolución e no correspondente acordo específico para obter a condición de persoa ou entidade beneficiaria.
- e) A falta de cobertura orzamentaria no momento da resolución de cualificación definitiva.
- f) A comprobación da existencia de datos non axustados á realidade, tanto na solicitude coma na documentación que a acompaña.
- g) Por infracción urbanística: a comisión dunha infracción urbanística tipificada como grave ou moi grave nos inmobles obxecto das axudas por parte das persoas beneficiarias, no prazo de cinco anos dende a súa aprobación definitiva, determinará a obriga de devolver o importe das subvencións percibidas cos xuros que correspondan, sen prexuízo das



EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS

Praza de Galicia, n.º 1, 15300 Betanzos, A Coruña
Teléfono: 981 770 011

web: www.betanzos.gal

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal/sxc/gl/>

endereço electrónico: correo@betanzos.gal

sancións que se lles puidesen impor.

Artigo 26. Aceptación, renuncia ou desistimento

Notificada a resolución definitiva polo órgano competente, as persoas interesadas propostas como beneficiarias dispoñerán dun prazo de dez días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se producise manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada.

A renuncia á subvención poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, de acordo co disposto no artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. En todo caso, a renuncia á subvención requirirá o acordo dos propietarios ou da xunta de propietarios, segundo corresponda.

O interesado poderá desistir da súa solicitude antes da cualificación provisional da actuación, segundo a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, tamén por calquera medio que permita a súa constancia.

Artigo 27. Reintegro das subvencións

1. Serán causas de perda e posterior reintegro da subvención, ademais dos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño:

- a) O incumprimento das obrigas.
- b) A falta de xustificación total das actuacións correspondentes dentro dos prazos establecidos.
- c) O incumprimento ou falsidade nas condicións requiridas para o outorgamento da subvención, que comportará, así mesmo, o incremento do reintegro da subvención percibida co xuro legal correspondente desde o seu pagamento, máis un 25%, segundo establece o artigo 34 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, salvo que a Lei de orzamentos do Estado estableza outro diferente.
- d) Nos casos e co procedemento que se establecen nos artigos 37 e seguintes da Lei 38/2003, xeral de subvencións.
- e) A non comunicación ao órgano instructor de calquera modificación substancial das condicións que motivaron o recoñecemento da subvención que poida determinar a perda sobrevida do dereito á axuda.

2. O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito de cobramento da subvención e, de ser o caso, para facer efectiva a devolución será o establecido no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Artigo 28. Responsabilidades e réxime sancionador

1. As persoas beneficiarias das subvencións outorgadas, virán obrigadas a:
 - a) Realizar a actividade que fundamente a concesión da subvención nos prazos sinalados nas presentes bases.
 - b) Someterse ás actuacións de comprobación e seguimento da aplicación da subvención do Concello polos medios que este estime oportunos.
 - c) Facilitar canta información lle sexa requirida polos diferentes servizos do Concello.
 - d) Cumprir os prazos das distintas actuacións que se establecen nas presentes bases.



EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS

Praza de Galicia, n.º 1, 15300 Betanzos, A Coruña
Teléfono: 981 770 011

web: www.betanzos.gal

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal/sxc/gl/>

endereço electrónico: correo@betanzos.gal

2. As persoas beneficiarias das subvencións quedarán sometidas ás responsabilidades e ao réxime sancionador que sobre infracción administrativa na materia establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a Ordenanza municipal reguladora de axudas a rehabilitación de vivendas.

Artigo 29. Cambios de titularidade

1. Só se poderá autorizar o cambio de titularidade da persoa beneficiaria da subvención logo da solicitude por escrito das persoas interesadas, unha vez recaída a resolución de concesión da subvención e sempre que a persoa que solicitou inicialmente a subvención a aceptara, e a que pretenda ser nova titular cumpra os requisitos esixidos para acceder ás axudas e exista conformidade entre as partes interesadas para que o cambio se produza. A que pretenda ser nova titular subrogarase nos compromisos adquiridos pola anterior, de modo que o incumprimento dun dos requisitos orixinará a desestimación do cambio de titularidade.

2. A solicitude achegará, segundo proceda, os documentos xustificativos da personalidade e dos motivos polos que se solicita o cambio, como falecemento, compravenda, transformacións de sociedades, alugamento ou outras causas, así como conformidade entre as partes, declaración de expresa responsabilidade sobre o cumprimento dos requisitos esixidos para acceder ás axudas e subrogación nos compromisos da anterior titular.

3. En todos os casos de representación legal, achegarase copia compulsada do poder acreditativo correspondente.

Artigo 30. Interpretación

Calquera dúbida que puidera xurdir arredor da interpretación destas bases e convocatoria será resolta pola Comisión Avaliadora.

Artigo 31. Publicidade da Convocatoria e Base de Datos Nacional de Subvencións

En cumprimento do disposto nos artigos 17.3.b), 18 e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto da convocatoria e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

Todas as obras subvencionadas deberán incluír de forma visible a imaxe corporativa do Plan estatal de vivenda e rehabilitación e do Ministerio de Vivenda e Axenda Urbana, da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e do Concello de Betanzos, para o que será necesario a colocación de carteis exteriores conforme ao establecido polo órgano correspondente da Comunidade Autónoma. O Concello de Betanzos facilitará o deseño de cartel.

Artigo 32. Publicidade das subvencións concedidas

A concesión de subvencións será publicada no taboleiro de anuncios do Concello de Betanzos, así como na sede electrónica do Concello, <http://concello.betanzos.gal/> e no *Boletín Oficial da Provincia*.

Artigo 33. Información básica sobre protección de datos de carácter persoal



EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS

Praza de Galicia, n.º 1, 15300 Betanzos, A Coruña
Teléfono: 981 770 011

web: www.betanzos.gal

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal/sxc/gl/>

endereço electrónico: correo@betanzos.gal

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable polo Concello de Betanzos, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da carpeta cidadá.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que a cidadanía poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

Co fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme o descrito na presente norma reguladora. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou, presencialmente, nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explícita na información.

Artigo 34. Número de actuacións e contías da actual convocatoria

Na actual convocatoria programouse 1 actuación (1 vivenda) correspondente a edificación.

O orzamento para esta segunda convocatoria da Fase 12.^a da ARI, correspondente ao Acordo asinado o 29 de outubro de 2020, ascende a 30.000 euros de achega destinada a edificación polo Ministerio de Vivenda e Axenda Urbana con cargo á aplicación orzamentaria 336/780.00 (Código de proxecto 2021/3/0/3).

Disposición adicional primeira

1. No momento de aprobar estas bases as actuacións con cargo ao Plan estatal de vivenda 2018-2021 teñen como límite de recoñecemento das axudas o 30 de xuño de 2025, conforme á disposición adicional terceira do Real decreto 42/2022. Xa que logo, fíxase o día 27 de maio de 2025 como límite para a presentación da documentación que acredite e acompañe ao remate das obras.

2. En caso de prórroga do prazo de execución do Plan estatal de vivenda 2018-2021 poderase estender o prazo para a realización das actuacións, o que deberá ser obxecto de autorización expresa.

Disposición adicional segunda

Mantense os anexos publicados no Boletín Oficial da Provincia do 25 de febreiro de 2021. Serán publicados novamente na sede electrónica e na web municipal, e poderanse obter nas dependencias da Oficina de Rehabilitación:

- Anexo I- Vivenda
- Anexo II- Edificio
- Anexo III- Edificio I
- Anexo III- Edificio II



EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS

Praza de Galicia, n.º 1, 15300 Betanzos, A Coruña
Teléfono: 981 770 011

web: www.betanzos.gal

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal/sxc/gl/>

endereço electrónico: correo@betanzos.gal

- Anexo IV- Visita técnica
- Anexo V- Actuacións subvencionables
- Anexo VI- Comunicación do remate das actuacións
- Anexo VII- Autorización para a solicitude, xestión, tramitación e cobro da subvención
- Anexo VIII- Representación

Disposición adicional terceira

O orixinal destas bases apróbase en galego. En caso de discrepancia prevalecerá a versión en galego sobre a tradución ao castelán.

Disposición derradeira

Estas bases entrarán en vigor ao día seguinte da publicación do correspondente extracto da convocatoria no *Boletín Oficial da Provincia*.


RECURSOS

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución cabe interpoñer, no prazo de un mes contado desde o día seguinte á súa publicación, recurso potestestativo de reposición ante o órgano que as ditou, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. En ambos os dous casos, computarase o prazo a partir do día seguinte ao da publicación oficial do extracto do acordo da aprobación da convocatotira no BOP

Betanzos, na data que figura na marxe

A alcaldesa
María Barral Varela


Documento asinado electronicamente




EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS
Praza de Galicia, n.º 1, 15300 Betanzos, A Coruña
Teléfono: 981 770 011

web: www.betanzos.gal
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal/sxc/gl/>
endereço electrónico: correo@betanzos.gal

ANEXO DELIMITACIÓN ZONA ARI



Localización da zona ARI no municipio de Betanzos



Barrio da Magdalena Barrio da Nosa Señora do Camino



EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS
Praza de Galicia, n.º 1, 15300 Betanzos, A Coruña
Teléfono: 981 770 011

web: www.betanzos.gal
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal/sxc/gl/>
endereço electrónico: correo@betanzos.gal



Casco histórico

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade se garante mediante o cotexo na Sede electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).